

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)

CELEBRADA O DÍA 31 DE XANEIRO DE 2019

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIRAS/OS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA SONIA OUTÓN CASAL

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

DONA LUZ M^a ABALO PÉREZ

DONA ROCÍO A. LLOVO DEL RÍO

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ

DONA ANA M^a GRANJA GUILLÁN

D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE

DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL

D. MANUEL MÉNDEZ VARELA

D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

DONA MARÍA MOSQUERA LEAL

DONA LUCÍA CESAR VELOSO

D. XOSÉ LOIS LEIRÓS GUDE

D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA

D. MIGUEL ALVES LAGO

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 31 de xaneiro de 2019, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 27 de decembro de 2018.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes decembro de 2018 .
3. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
4. Toma de coñecementos dos cambios introducidos na representación do grupo municipal do BNG nos órganos colexiados dos que forma parte.
5. Aprobación, se procede, da proposta para denominar a Piscina Municipal de Fontecarmoa como “Piscina Municipal Celestino Brianes Lojo”.
6. Aprobación, se procede, da solicitude de Amigos de Galicia e Arousa Fútbol7, para que a praza lindeira con FEXDEGA se denomine “Praza Ramiro Carregal Rey”.
7. Aprobación, se procede, de expediente de modificación de crédito por crédito extraordinario N° 01/CE/2019 e de de cambio de finalidade de financiamento afectado N° 01/CF/2019 (Int/2019/000022) en relación co convenio de colaboración asinado entre a Deputación Provincial e os Concellos de Caldas de Reis, Portas e Vilagarcía de Arousa, para levar a cabo o proxecto de acondicionamento da Vía Verde do Salnés – I Fase.
8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE de adhesión ao proxecto internacional “A CIDADE D@S NEN@S”.
9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo municipal do PP, sobre búsqueda dunha ubicación alternativa ó transformador previsto para os baixos da Escola Infantil Municipal de Vilaxoán.
10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo municipal do PP, de rexeitamento da corporación municipal ós Presupostos Xerais do Estado 2019.
11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo municipal do PP, sobre reposición do sistema de iluminación na Vía rápida do Salnés, no tramo Santa Mariña – Hospital do Salnés
12. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo municipal de Esquerda Unida, para reivindicar que o rural de Vilagarcía conte cunha conexión a internet de calidade.
13. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo municipal de Esquerda Unida para controlar a proliferación das casas de apostas, apostas online e combater a Ludopatía.
14. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo municipal do BNG en defensa da Sanidade Pública.

15. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
16. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
17. Rogos e preguntas.
18. Quenda de rogos e preguntas entre o público asistente á sesión.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 27 DE DECEMBRO DE 2018..- Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta correspondente á sesión plenaria de 27 de decembro de 2018.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190131&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

O Sr. Alcalde dá a benvida aos/ás asistentes á sesión, porque no día de hoxe asisten Alcaldes de varios Concellos, ex-alcaldes de Vilagarcía, veciños/as e membros Fundación Galega contra o Narcotráfico e os felicita pola súa iniciativa e a súa presenza na sesión.

A seguir polo Sr. Alcalde varíase a orde do día e pasa a tratarse a moción urxente presentada polos grupos políticos e concelleiro non adscrito sobre o recoñecemento á loita social contra o narcotráfico. (Punto nº 16 da orde do día)

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

- D. Manuel Antonio Couceiro Cachaldora, en representación da Fundación Galega contra o narcotráfico, solicita a intervención no Pleno dun representante da FGCN no asunto sobre o recoñecemento a loita social contra o narcotráfico.

16.- MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓN DE URXENCIA:

Está presentada a seguinte Moción:

MOCIÓN URXENTE PRESENTADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS DO PSG-PSOE, PP, EU, BNG, SOMOS MAIORÍA E CONCELLEIRO NON ADSCRITO SOBRE O RECOÑECEMENTO Á LOITA SOCIAL CONTRA O NARCOTRÁFICO

MOCIÓN AO PLENO

A emisión de series de televisión relacionadas co tráfico ilícito de drogas, está xerando unha distorsionada imaxe de Vilagarcía de Arousa e polo tanto da Comarca do Salnés.

Nestes programas trasládase ao resto de España a visión dunha zona permisiva onde a apatía social e das Forzas de Seguridade facilitou que os narcotraficantes campasen ás súas anchas. Dá a impresión que case todo o mundo estaba implicado e o diñeiro negro era tan abundante que, cando chovía, saía flotando polos sumidoiros. O problema agudízase, nalgúns casos, con pomposos titulares indicando que a serie está baseada en feitos reais.

A historia, en cambio, foi totalmente distinta, de feito Vilagarcía de Arousa, como centro neuráxico de Ría e grazas á loita de veciños do Salnés e o Barbanza foi un exemplo para os españois. Aquí celebrouse a primeira gran manifestación contra as drogas en Galicia, creouse a PGCN o único colectivo social que existe en España para loitar contra o Narcotráfico e celebrouse o I Congreso Nacional sobre Lexislación Antinarcotráfico, que sentou as bases para arrebatarse os bens dos narcos. Hoxe a Fundación Galega contra o Narcotráfico, con sede en Vilagarcía, administra e xestiona o que supón unha acción pioneira en España. Isto e diversas actuacións supuxo que se lles fose acurralando e tivesen que elixir outros lugares para transportar a droga, acabando a maioría en prisión. Galicia deixou de ser a principal porta de entrada da cocaína que chega desde Sudamérica, o que non quere dicir que a guerra termine, nin moito menos.

A loita dos arousáns iniciouse na década dos setenta coas denuncias de Felipe Suárez desde as páxinas do Ideal Galego e Diario de Pontevedra, máis tarde Radio Arosa, apoiado por Buenaventura Fernández do Grove ou os alcaldes de Vilanova, Sito Vázquez e de Noia, Pastor Alonso.

O tabaco de contrabando estaba xerando graves repercusións económicas e sociais. O estado deixaba de ingresar 75 pesetas por cada paquete de rubio de batea e só os tres grandes grupos moveron 100.000 millóns que poderían investirse en equipamentos, infraestruturas e servizos.

Non había solo industrial nin man de obra cualificada, as grandes empresas do Carril e Vilaxoán pecharon, os mozos non ían á Universidade, en Vilagarcía de Arousa só o 3.8 por cento. O desarraigamento social era evidente e aínda por riba o contrabando propiciou o tráfico de drogas. En novembro de 1993, organizada pola Federación das Apas do Salnés, celebrouse en Vilagarcía a primeira gran manifestación contra as drogas á que asistiron unhas 50.000 persoas. No seu transcurso recibiron unha homenaxe Baltasar Garzón, Javier Zaragoza, Carmen Avendaño e Felipe Suárez, que leu o manifesto. Margarita Teijeiro e Rodrigo Santiago eran as caras visibles da Federación.

En 1994 un grupo de persoas creou a Plataforma Galega contra o Narcotráfico, órgano que incluía a representantes de toda a sociedade, ata a Igrexa. Aínda hoxe é o único ente destas características en España. Había veciños de Muros, Noia, Ribeira, A Pobra, Boiro, Vilagarcía, Vilanova, A Illa, Sanxenxo e outros puntos de Ría de Arousa. Foi nomeado presidente, Felipe Suárez.

En 1995 a PGCN réunese no Concello de Vilagarcía con Antonio Martín, presidente da Comisión Mixta Congreso-Senado para o Estudo das Drogas. No mes de Setembro celebrouse en Bamio o I Congreso Nacional sobre Lexislación Antinarcotráfico, no que participaron Javier Zaragoza, Fiscal Antidroga, Carlos Bueren, xuíz da Audiencia Nacional, López Riaño, Delegado do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas, Jesús Palmou presidente da Comisión de Narcotráfico no Parlamento de Galicia e portavoces dos grupos representados no Congreso dos Deputados. O obxectivo era chegar ao consenso e tomar medidas que permitisen actuar aos xuíces e Forzas de Seguridade, sobre todo privar dos seus bens aos narcos.

Logo de tres días de relatorios, aprobáronse unhas conclusións que establecían a necesidade de aprobar o investimento da carga da proba para que as persoas procesadas por un delito contra a saúde pública, moitas delas insolventes, tivesen que demostrar a orixe lícita dos seus bens. Foron aprobadas polos grupos políticos e apoiadas por Bueren e Zaragoza, sendo remitidas ao Congreso, Senado, ONU e outras instancias.

A partir de aí a PGCN mantivo numerosas reunións de traballo en Madrid e Galicia con responsables dos gobernos presididos por Felipe González e José María Aznar. En novembro de 2003, logo de OITO ANOS DE LOITA, prodúcese a ansiada aprobación dunha Lei Orgánica mediante a Reforma do Código Penal, tal como se propuxo no Congreso de Bamio que, segundo Carlos Bueren marcou un antes e un despois na loita contra o tráfico de drogas. Hoxe a propia FGCN, baixo tutélaa do PNSD, e en colaboración co Colexio de Procuradores da Coruña, administra e xestiona estes bens incautados aos narcotraficantes, un caso pioneiro en España. O colectivo reuníase periodicamente con xuíces, fiscais, Aduanas e responsables dos Corpos e Forzas de Seguridade para analizar novas medidas e darlle traslado ao Goberno. Con isto chegamos á aprobación das figuras do Axente Infiltrado, Entregas Controladas, Lei de Fondo e outras.

En 2005, nunha Gala Anual da FGCN, Pietro Grasso, Fiscal Antimafia de Italia e Javier Zaragoza, Fiscal Antidroga de España, decidiron subscribir un convenio bilateral entre ambos países.

En 2006, a Fundación organiza en Vilagarcía a "1 edición de Panos Brancos contra a droga", enchéndose as fiestras de panos mentres pechaban os establecementos públicos ao paso da comitiva que percorría as principais rúas da cidade. A bandeira pasaba polas mans de nenos, pais, avós e representantes de toda a sociedade. Manuel Ameijeiras, delegado do Goberno en Galicia depositouna no balcón da FGCN. O Parlamento de Galicia leu un manifesto institucional, as igrexas, a instancias do Arcebispo de Santiago, fixeron soar as campás e os concellos luciron de branco. Ata medio cento de colectivos se sumaron en Galicia á iniciativa. En 2008 a FGCN solicita ao Plan Nacional sobre Drogas que o Pazo Baión sexa outorgado en poxa pública a Martín Codax ou Condes de Albarei e non a empresas doutra comunidade, o que así sucede.

En 2012 a FGCN, en colaboración coa Deputación de Pontevedra, levanta en Vista Real un monólito como homenaxe ao drogodependente, acto no que participa un toxicómano do Proxecto Home en Galicia. A mansión de Manuel Charlín fora incautada e adquirida polo Concello de Vilanova.

En 2013 o presidente da FGCN, Manuel Couceiro comparece en Madrid ante a Comisión Mixta Congreso Senado para o Estudo das drogas, a quen suxeriu melloras legislativas e outras actuacións.

En 2017 a FGCN recibe a Cruz ao Mérito Policial e en 2018 o Diploma da Brigada Central de Estupefacientes no seu 50 aniversario, evento que estivo presidido polo Rei Felipe VI quen departiu cos seus representantes.

O colectivo, ademais, traballa día a día na prevención e sensibilización, organiza numerosas actividades e participa en eventos en toda a xeografía nacional. Esta é a HISTORIA REAL da loita que mantiveron homes e mulleres de Ría de Arousa (sen recibir nada a cambio e gastando diñeiro dos seus petos) contra os narcotraficantes a quen arrecuncharon e arrebataron as súas famosas mansións. En Arousa houbo moitos pais e nais coraxe que loitaron desde o inicio sen parar contra un grupo de veciños malvados a quen só lle interesaba o diñeiro e o poder.

As repercusións económicas, sociais e sanitarias foron devastadoras e algunhas familias chegaron a perder ata tres fillos.

Xa que logo en AROUSA non houbo apatía, ao contrario os seus veciños foron PIONEIROS en ESPAÑA na loita contra o tráfico de drogas. Así o recoñeceu a Brigada Central de Estupefacientes coa súa distinción, ao ser o único órgano galaradoado. A LENDA é unha cousa e a REALIDADE outra.

O pasado 28 de novembro cumpríronse 25 anos da manifestación e neste ano as Vodas de Prata do nacemento da Plataforma. Non podemos tolerar que se abafe a imaxe de AROUSA e os seus veciños.

Á súa vista, tódolos voceiros dos grupos políticos municipais (PSOE, PP, BNG, EU, Somos Maioría) e Concelleiro non adscrito **PROPOÑEN**

O PLENO DO CONCELLO DE VILAGARCÍA ACORDA:

1- Confirma que homes e mulleres de toda ría de Arousa integrad@s na Plataforma Fundación Galega contra o Narcotráfico, único órgano destas características en España, plantaron cara,

denunciaron aos narcos e cooperaron cos Corpos e Forzas e Seguridade ata lograr o seu ingreso en prisión.

Ademais organizaron o Congreso Nacional sobre lexislación Anti Narcotráfico co obxectivo de privarlle das súas propiedades. Tras oito anos de reunións con distintos gobernos, lograron que se aprobase unha Lei Orgánica para facer posible a incautación de bens, que agora a Fundación administra e xestiona, feito pioneiro en España, o que se avala mediante documentos oficiais.

2- En recoñecemento a esta loita social acórdase levantar un monólito que incorpore como motivo artístico unha árbore coa V de vida e verde esperanza representando o emblema da primeira manifestación, “ Galicia contra as drogas”, celebrada en Vilagarcía, e integrado no logo da PGCN-FGCN, que podería situarse na Praza de Ravella.

3- Convocarase un concurso de ideas no que poderán participar artistas da comarca do Salnés. O xurado estará formado por un representante de cada grupo político e un membro da Fundación Galega contra o Narcotráfico.

Vilagarcía de Arousa, 30 de xaneiro de 2019.

Tania García Sanmartín

Elena Suárez Sarmiento

Jesús López Rodríguez

Lucía Cesar Veloso

Gaspar González Somoza

Miguel Alves Lago

- A seguir intervén D. Felipe Suárez, en representación da Fundación Galega contra o Narcotráfico.

- A continuación interveñen os voceiros: D. Miguel Alves Algo; D. Gaspar A. González Somoza; D. Jesús López Rodríguez; Dona Elena Suárez Sarmiento; Dona Tania García Sanmartín e o Sr. Alcalde.

Finalmente ten lugar a posterior votación da urxencia e da propia moción, dando o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)
ACORDASE:

- A declaración de urxencia da moción citada, así como a aprobación da moción, e en consecuencia adóptase o seguinte ACORDO:

1- Confirmar que homes e mulleres de toda ría de Arousa integrad@s na Plataforma Fundación Galega contra o Narcotráfico, único órgano destas características en España, plantaron cara, denunciaron aos narcos e cooperaron cos Corpos e Forzas e Seguridade ata lograr o seu ingreso en prisión.

Ademais organizaron o Congreso Nacional sobre lexislación Anti Narcotráfico co obxectivo de privarlle das súas propiedades. Tras oito anos de reunións con distintos gobernos, lograron que se aprobase unha Lei Orgánica para facer posible a incautación de bens, que agora a Fundación administra e xestiona, feito pioneiro en España, o que se avala mediante documentos oficiais.

2- En recoñecemento a esta loita social acórdase levantar un monólito que incorpore como motivo artístico unha árbore coa V de vida e verde esperanza representando o emblema da primeira manifestación, “ Galicia contra as drogas”, celebrada en Vilagarcía, e integrado no logo da PGCN-FGCN, que podería situarse na Praza de Ravella.

3- Convocarase un concurso de ideas no que poderán participar artistas da comarca do Salnés. O xurado estará formado por un representante de cada grupo político e un membro da Fundación Galega contra o Narcotráfico.

A seguir, sendo as 17:50 horas suspendese a sesión durante uns minutos.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190131&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DECEMBRO DE 2018 .: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE DECEMBRO DE 2018:

Nº	DESCRICIÓN
1	Modificación das delegacións realizadas a favor da Xunta de Goberno Local
1	Delegación na Primeira Tenente de Alcalde a totalidade das funcións da Alcaldía
1	Inadmisión de solicitude de devolución de ingresos indebidos
1	Desestimación recurso de reposición contra desestimación exención IVTM
8	Desestimación de recurso de reposición contra liquidación Taxa
2	Estimación anulación de liquidación Taxa
11	Desestimación de solicitude de devolución de ingresos indebidos
2	Estimación prorrateo recibo IBI
1	Desestimación solicitude de baixa inmovible en taxas municipais
1	Estimación de solicitude de baixa de vao permanente
1	Estimación baixa taxas municipais taller e alta garaxe
2	Concesión de subministro de placa de vao permanente
4	Estimación prórroga presentación documentación IIVTNU
1	Estimación solicitude de cambio de Obrigado tributario taxas ocupación de vía pública
1	Estimación anulación recibo e emisión nova liquidación IAE
1	Desestimación solicitude de bonificación taxas
6	Desestimación/estimación reclamación contra facturación Taxas
3	Estimación de solicitude de unificación a efectos taxas
7	Estimación solicitude de devolución a favor de Espina y Delín SL
1	Estimación solicitude de cambio de exención vehículo
4	Aprobación liquidacións cargos xerados meses setembro a decembro
2	Aceptación comunicación previa e documentación adxunta para inicio e desenvolvemento de actividade
9	Aceptación comunicación previa e documentación adxunta para cambio de titularidade de actividade
1	Concesión de licenza para ampliación de actividade
1	Concesión de licenza de legalización de muro
3	Concesión de licenza para instalación de toldo en local
1	Aceptación de renuncia de tramitación de expediente de licenza de obra
3	Concesión de licenza de obra de canalización
3	Concesión de licenza de primeira ocupación e/ou auga e/ou saneamento
7	Concesión de licenza de obra maior
9	Concesión de licenza de obra menor
11	Aceptación comunicación previa e documentación adxunta para obras
1	Concesión de prórroga para execución de obras
1	Declaración ineficacia comunicación previa para instalación de toldo
1	Denegación instalación duendeneta
7	Nomeamento de funcionario/a interino/a
2	Deducción proporcional de haberes por ausencias non xustificadas de empregados/as de obradoiro de emprego
1	Realización trámite de audiencia empregado municipal por ausencias non xustificadas ao traballo
2	Designación Secretaria Xeral en funcións
2	Designación Tesourería accidental
1	Áutorización ampliación licenza sen soldo a empregada municipal
1	Asignación funcións e tarefas Técnico Auxiliar de Cultura a Funcionaria

- 2 Aprobación de gasto correspondente a aportacións ao Plan de Pensións
 - 1 Concesión de gratificación especial por substitución temporal posto de traballo de categoría superior
 - 1 Recoñecemento e aboamento en nómina do servizos en domingo
 - 1 Recoñecemento e aboamento en nómina do servizos en xornada nocturna
 - 1 Orde aboamento a concelleiros/as asistencia de mes de novembro
 - 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de gratificación por festivos
 - 1 Autorización uso aula da escola de música por parte de grupo musical “Los Duendes”
 - 6 Iniciación de oficio de expedientes sancionadores de tráfico
 - 1 Inscripción Asociación en rexistro municipal de asociacións
 - 1 Delegación funcións Director EDUSI en Concelleiro Lino Mouriño Santiago
 - 1 Prorroga créditos iniciais orzamento do exercicio 2018 ao 2019
 - 7 Aprobación de conta xustificativa e recoñecemento de obriga subvención nominativa
- Entidades
- 6 Recoñecemento de obriga de gasto
 - 4 Aprobación de expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos
 - 3 Aprobación de expediente de modificación de créditos de xeración de créditos
 - 6 Orde de representación e defensa dos intereses do Concello sexa exercida por Letrado en procedemento xudicial
 - 6 Concesión/denegación de fraccionamento de débeda
 - 2 Iniciación de expediente de orde de execución en relación coa seguridade de inmobles
 - 1 Orde execución valado provisional solar para garantir condicións de seguridade e salubridade
 - 2 Arquivo expediente de orde de execución
 - 2 Requisito para presentación informe – ditame seguridade inmovible
 - 1 Orde concesión prazo para solicitude de licenza municipal de obras
 - 2 Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística
 - 1 Aprobación de expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado

TOTAL: 189

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190131&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- TOMA DE COÑECEMENTOS DOS CAMBIOS INTRODUCIDOS NA REPRESENTACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG NOS ÓRGANOS COLEXIADOS DOS QUE FORMA PARTE.:

Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 28 de xaneiro de 2019, do seguinte teor:

Grupo Político do BNG:

1) Dáse conta da comunicación realizada por Dona Lucía Cesar Veloso, voceira do BNG, indicando a nova composición do grupo político municipal, formado do seguinte xeito:

Dona Lucía Cesar Veloso

D. Xosé Lois Leirós Gude

Do mesmo xeito comunica que dito grupo municipal designou como Voceira a Dona Lucía Cesar Veloso.

2) COMISIONS INFORMATIVAS (Representación Grupo Político BNG):

1.- ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS.

Titular: Lucía Cesar Veloso

Suplente: Xosé Lois Leirós Gude

2.- BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE

Titular: Lucía Cesar Veloso

Suplente: Xosé Lois Leirós Gude

3.- URBANISMO E SERVIZOS

Titular: Xosé Lois Leirós Gude

Suplente: Lucía Cesar Veloso

4.- CULTURA, EDUCACIÓN, XUVENTUDE E PROMOCIÓN ECONÓMICA

Titular: Xosé Lois Leirós Gude

Suplente: Lucía Cesar Veloso

3) REPRESENTANTES NOS DISTINTOS ORGANOS COLEXIADOS (Grupo Político BNG):

CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA AUTORIDADE PORTUARIA

Dona Lucía César Veloso

CONSELLO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Titular: Dona Lucía Cesar Veloso

Suplente: Xosé Lois Leirós Gude

FUNDACIÓN FEXDEGA

Titular: Dona Lucía Cesar Veloso

Suplente: Xosé Lois Leirós Gude

CONSELLO LOCAL DE CONSUMO

Titular: Xosé Lois Leirós Gude

Suplente: Lucía Cesar Veloso

CONSELLO CONSULTIVO ECONOMICO E SOCIAL

Titular: Dona Lucía Cesar Veloso

Suplente: Xosé Lois Leirós Gude

COMISIÓN MIXTA PARITARIA DE CONTROL E SEGUIMENTO DO ACORDO MARCO E CONVENIO COLECTIVO

Titular: Dona Lucía Cesar Veloso

Suplente: Xosé Lois Leirós Gude

CONSELLO VECIÑAL

Titular: Xosé Lois Leirós Gude

Suplente: Lucía Cesar Veloso

COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

Titular: Xosé Lois Leirós Gude

Suplente: Lucía Cesar Veloso

CONSELLO LOCAL DA MULLER

Titular: Lucía Cesar Veloso

Suplente: María Eulalia González Martínez

FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

Titular: Xosé Lois Leirós Gude

Suplente: Lucía Cesar Veloso

CONSELLO LOCAL DA 3ª IDADE

Titular: Xosé Lois Leirós Gude

Suplente: Lucía Cesar Veloso

4.- CONSELLO ESCOLAR DOS CENTROS DE EDUCACIÓN:

IES FERMÍN BOUZA BREY: Xosé Lois Leirós Gude

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190131&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA PARA DENOMINAR A PISCINA MUNICIPAL DE FONTECARMOA COMO “PISCINA MUNICIPAL CELESTINO BRIANES LOJO”.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 28 de xaneiro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 12 de novembro de 2018, do seguinte teor:

Sabedores do recente falecemento de **D. Celestino Brianes Lojo** e tendo en conta que foi unha persoa moi vinculada á maior parte das disciplinas deportivas que se practican nesta cidade, especialmente no ámbito da natación, dado que fundou os Clubes Natación Vilagarcía e Salvamento Vilagarcía, a Xunta de Goberno Local acorda propoñer á Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais e ao Pleno da Corporación Municipal a designación da Piscina Municipal coa denominación de “Piscina Celestino Brianes Lojo”.

Dáse conta do acordo do Consello Reitor da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, en sesión celebrada o día 17 de xaneiro de 2018, do seguinte teor:

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DESIGNACIÓN DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL COA DENOMINACIÓN DE “PISCINA CELESTINO BRIANES LOJO”.

Dáse conta pola Sra. Secretaria/delegada do Acordo da Xunta de Goberno Local en sesión con data 12/11/2018 relativa á proposta para a designación da Piscina Cuberta Municipal do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa coa denominación de Piscina Celestino Brianes Lojo.

Polo Sr. Presidente da conta dun breve resumo da traxectoria do Sr. Brianes, que ao longo da súa vida deportiva desenvolveu, como deportista, directivo de diversos Clubes/Entidades Deportivas, indicando que nos últimos anos dedicouse sobre todo a fomentar e recuperar as especialidades deportivas náuticas, como a natación, salvamento deportivo, así como, moitos eventos deportivos, que axudou á súa organización, como as travesías a nado, etc...

...

Unha vez finalizadas todas as intervencións O Consello Reitor por unanimidade, acorda aprobar a proposta da Xunta de Goberno Local e designar a Piscina Cuberta Municipal do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa coa denominación de Piscina Cuberta Celestino Brianes Lojo e que se remita ao Pleno-Concello para a súa aprobación, se procede.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP e BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais de EU e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da denominación da Piscina Municipal de Fontecarmoa como “Piscina Municipal Celestino Brianes Lojo”.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a denominación da Piscina Municipal de Fontecarmoa como “Piscina Municipal Celestino Brianes Lojo”.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190131&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DE AMIGOS DE GALICIA E AROUSA FÚTBOL7, PARA QUE A PRAZA LINDEIRA CON FEXDEGA SE DENOMINE “PRAZA RAMIRO CARREGAL REY”.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 28 de xaneiro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito presentado por D. Jesús Busto Peteiro, Director da Fundación Amigos de Galicia, no que indica que en Asemblea celebrada no mes de xullo de 2018 polo padroado de dita asociación, se decidiu por unanimidade, solicitar en nome da Fundación, a concesión da Praza lindeira con Fexdega, en Vilagarcía de Arousa, a D. Ramio Carregal Rey, en base aos meritos e circunstancias que indican no propio escrito.

Así mesmo dáse conta do escrito presentado por D. Manuel Diz Andión, Presidente da Asociación Deportiva “Arousa Fútbol 7” indicando que en asemblea mantida o 31 de outubro de 2018 dediciuse, por unanimidade, solicitar en nome da Asociación a concesión da Praza lindeira con Fexdega a D. Ramiro Carregal Rey: Presidente de honra e Medalla de Ouro da Asociación, en base aos méritos e circunstancias que indican no propio escrito.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE e PP informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do EU, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a solicitude de Amigos de Galicia e Arousa Fútbol 7 para que a Praza lindeira con FEXDEGA se denomine “Praza Ramiro Carregal Rey”.

Polo Sr. Alcalde expónse que o Club San Martín de Fútbol solicitou o día 25 de xaneiro de 2019 que se nomee a unha Rúa ou Praza “Ramiro Carregal Rey”.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dezaoito votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), PP (7), BNG (2) e Concelleiro non adscrito (1), unha abstención do membro pertencente ao grupo político municipal de Somos Maioría, e dous votos en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal de EU

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a solicitude de Amigos de Galicia e Arousa Fútbol 7 para que a Praza lindeira con FEXDEGA se denomine “Praza Ramiro Carregal Rey”.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190131&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 01/CE/2019 E DE DE CAMBIO DE FINALIDADE DE FINANCIAMENTO AFECTADO Nº 01/CF/2019 (INT/2019/00022) EN RELACIÓN CO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E OS CONCELLOS DE CALDAS DE REIS, PORTAS E VILAGARCÍA DE AROUSA, PARA LEVAR A

CABO O PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DA VÍA VERDE DO SALNÉS – I FASE.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 28 de xaneiro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria-Proposta da Alcaldía do teor seguinte:

MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DAS MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO, DO CAMBIO DE FINALIDADE DO FINANCIAMENTO AFECTADO PROCEDENTE DO PRESTAMO 2018.

Mediante Providencia da Alcaldía de data 21 de xaneiro de 2019 incoáronse os seguintes expedientes:

- Expediente **Nº 01/CF/2019** de cambio de finalidade do financiamento afectado procedente da operación de préstamo a longo prazo concertada e ingresada no exercicio 2018 afecta ao proxecto de gasto 2) Nº 01/12/2018 denominado “ACTUACIONES ACOND. MEDIO RURAL”, engadido no Anexo de investimentos do exercicio 2018 por un importe global de **84.119,41€**.

- Expediente **Nº01/CE/2019** de modificación de crédito por crédito extraordinario por importe de **84.119,41€**.

Todos eles co fin de dar cobertura os seguintes expedientes de gasto:

APLICACIÓN	Nº PROXECTO	Denominación	IMPORTE	IMPORTE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE DO CAMBIO DE FINALIDADE
170-60900	PREST Nº 01/01/2019	CONVENIO COLABORACIÓN OBRAS ACONDICIONAMENTE SENDA VERDE 1ª FASE	84.119,41	84.119,41	84.119,41
TOTAIS			84.119,41	84.119,41	84.119,41

O que se pretende con este expediente é dar cobertura orzamentaria suficiente e axeitada ao compromiso adquirido polo Concello de Vilagarcía de Arousa coa sinatura do Convenio de Colaboración asinado coa Deputación Provincial de Pontevedra, e os Concellos de Portas e Caldas de Reis, o cal ten por obxecto as obras de acondicionamento da Senda Verde do Salnés-1ª fase.

O citado Convenio foi aprobado en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 26 de decembro de 2018, no acordo deixábase constancia da necesidade de tramitar un expediente de modificación orzamentaria con carácter urxente para dar cobertura o compromiso adquirido, xa que nas cláusulas do Convenio se indica que os Concellos asinantes deberán facer efectiva a súa aportación á sinatura do Convenio e en todo caso con carácter previo o inicio do expediente de contratación das obras pola Deputación, o cal producirase previsiblemente sen contar cun orzamento definitivo que puidese engadir como crédito inicial a achega comprometida, polo que a única vía posible neste momento para asumir o compromiso adquirido é a da modificación orzamentaria que se propón.

O incumprimento da obriga de pago da achega comprometida no prazo establecido, sería causa de resolución do Convenio do que se derivaría a inexecución das obras causando graves prexuízos a todas as partes implicadas e en particular á cidadanía de Vilagarcía.

As obras que se pretenden acometer son a 1ª fase dunha actuación integral na antiga vía ferra Redondela-Santiago de Compostela, actualmente en desuso, co obxecto de co obxecto de transforma-la nunha liña verde de interese ecolóxico, paisaxístico, recreativo así como educativo e turístico, obxectivos todos eles cós que este equipo de Goberno atópase firmemente comprometido.

Polo tanto, se trata dun gasto específico e determinado para o que se precisa contar con consignación orzamentaria á maior brevidade posible

Tendo en conta o sobranse existente no proxectos de gasto Nº 01/12/2018 “ACTUACIONES ACOND. MEDIO RURAL” co detalle exposto no **Anexo I** ao informe de Intervención por un importe de **84.292,95€**, e que constitúe un recurso que pode financiar os aumentos que se propoñen por un importe de **84.119,41€** ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004.

Posto de manifesto mediante informe de Intervención adxunto ó expediente que existen exceso de financiamento no proxecto indicado, esta Alcaldía, co obxecto de atender ao compromiso anteriormente descrito propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO: Aprobar o expediente nº **01/CF/2019** de modificación de finalidade do financiamento afectado por importe de **84.119,41€**, segundo o detalle que consta na providencia de Alcaldía, o que suporá baixas de créditos de gastos na aplicación e para o proxecto indicados no informe de Intervención INT/2018/000022-1 do orzamento vixente.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente nº **01/CE/2019** de crédito extraordinario financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente por importe de **84.119,41€** para atender os gastos derivados do seguinte expediente de gasto:

APLICACIÓN	Nº PROXECTO	Denominación	IMPORTE	IMPORTE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE DO CAMBIO DE FINALIDADE
170-60900	PREST Nº 01/01/2019	CONVENIO COLABORACIÓN OBRAS ACONDICIONAMENTE SENDA VERDE 1ª FASE	84.119,41	84.119,41	84.119,41
TOTAIS			84.119,41	84.119,41	84.119,41

TERCEIRO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son as baixas de créditos de gastos das aplicacións do orzamento vixente correspondentes a un Proxecto de gasto con modificación do seu financiamento, é dicir, o que se lle cambia a finalidade do financiamento afectado, procedente da operación de préstamo concertada en ingresada no exercicio 2018 para o financiamento dos proxectos engadidos no Anexo de investimentos do exercicio 2018, por importe de **84.119,41€**.

CUARTO: O financiamento do expediente de modificación de créditos procede de anulacións ou baixas de créditos das aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, das que a súa dotación se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, implicando a presente modificación o desestímulo expreso para o proxectos afectado nos que se contabilizaran as baixas propostas.

QUINTO: Modificar o Anexo de Inversións, que deberá incorporar a distribución de financiamento afectado para o novo proxecto de gasto con financiamento afectado, que de seguido se indican:

GASTO						FINANCIAMENTO		
APLICACIÓN	Nº PROXE.	EXER.	Denominación	IMPORTE	FINALIDADE QUE SE MODIFICA	DESCRIPCION	RLTGFA	APLICACIÓN
170-60900	PREST Nº 01/01/2019	2019	CONVENIO COLABORACIÓN OBRAS ACONDICIONAMENTE SENDA VERDE 1ª FASE	84.119,41	84.119,41	PRÉSTAMO SABADELL 2018 2018 / 1 / 094543	84.119,41	87010
TOTAIS								

SEXTO: Expoñer ao público os seguintes expedientes mediante publicación no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno; Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se houberen presentado reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas:

Expediente **Nº01/CF/2019** de modificación de finalidade do préstamo afecto ao proxectos relacionado ao que se lle cambia a finalidade coa conseguinte modificación do Anexo de Inversións.

Expediente **Nº02/CE/2018** de créditos extraordinarios financiados con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente,

Dada a urxencia que reviste a actuación que pretenden acometer coa modificación orzamentaria proposta, farase uso da excepción prevista na base Nº10 das BEO 2019 de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará

dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos

SÉTIMO: Unha vez aprobado definitivamente os expedientes sinalados no punto anterior, serán insertados e resumidos por capítulos no BOP. Asímesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Vilagarcía de Arousa, 22 de xaneiro de 2019

O ALCALDE

Asdo.:Alberto Varela paz

Sinatura Dixitalizada

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de modificación de crédito por crédito extraordinario N° 01/CE/2019 e de de cambio de finalidade de financiamento afectado N° 01/CF/2019 (Int/2019/000022) en relación co convenio de colaboración asinado entre a Deputación Provincial e os Concellos de Caldas de Reis, Portas e Vilagarcía de Arousa, para levar a cabo o proxecto de acondicionamento da Vía Verde do Salnés – I Fase

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con nove votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8) e Concelleiro non adscrito (1) e doce abstencións dos membros pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (7), EU (2), BNG (2) e Somos Maioría (1)

ACÓRDASE: Por maioría:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente n° 01/CF/2019 de modificación de finalidade do financiamento afectado por importe de **84.119,41€**, segundo o detalle que consta na providencia de Alcaldía, o que suporá baixas de créditos de gastos na aplicación e para o proxecto indicados no informe de Intervención INT/2018/000022-1 do orzamento vixente.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente n° 01/CE/2019 de crédito extraordinario financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente por importe de **84.119,41€** para atender os gastos derivados do seguinte expediente de gasto:

APLICACIÓN	Nº PROXECTO	Denominación	IMPORTE	IMPORTE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE DO CAMBIO DE FINALIDADE
170-60900	PREST Nº 01/01/2019	CONVENIO COLABORACIÓN OBRAS ACONDICIONAMENTE SENDA VERDE 1ª FASE	84.119,41	84.119,41	84.119,41
TOTAIS			84.119,41	84.119,41	84.119,41

TERCEIRO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son as baixas de créditos de gastos das aplicacións do orzamento vixente correspondentes a un Proxecto de gasto con modificación do seu financiamento, é dicir, o que se lle cambia a finalidade do financiamento afectado, procedente da operación de préstamo concertada en ingresada no exercicio 2018 para o financiamento dos proxectos engadidos no Anexo de investimentos do exercicio 2018, por importe de **84.119,41€**.

CUARTO: O financiamento do expediente de modificación de créditos procede de anulacións ou baixas de créditos das aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, das que a súa

dotación se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, implicando a presente modificación o desestamento expreso para o proxectos afectado nos que se contabilizaran as baixas propostas.

QUINTO: Modificar o Anexo de Investimentos, que deberá incorporar a distribución de financiamento afectado para o novo proxecto de gasto con financiamento afectado, que de seguido se indican:

GASTO					FINANCIAMENTO			
APLICACIÓN	Nº PROXE.	EXER.	Denominación	IMPORTE	FINALIDADE QUE SE MODIFICA	DESCRIPCION	RLTGFA	APLICACIÓN
170-60900	PREST Nº 01/01/2019	2019	CONVENIO COLABORACIÓN OBRAS ACONDICIONAMENTE SENDA VERDE 1ª FASE	84.119,41	84.119,41	PRÉSTAMO SABADELL 2018 2018 / 1 / 094543	84.119,41	87010
TOTAIS								

SEXTO: Expoñer ao público os seguintes expedientes mediante publicación no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno; Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se houberen presentado reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas:

Expediente **Nº01/CF/2019** de modificación de finalidade do préstamo afecto ao proxectos relacionado ao que se lle cambia a finalidade coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos.

Expediente **Nº02/CE/2018** de créditos extraordinarios financiados con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente,

Dada a urxencia que reviste a actuación que pretenden acometer coa modificación orzamentaria proposta, farase uso da excepción prevista na base Nº10 das BEO 2019 de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos

SÉTIMO: Unha vez aprobado definitivamente os expedientes sinalados no punto anterior, serán insertados e resumidos por capítulos no BOP. Asímesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190131&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE DE ADHESIÓN AO PROXECTO INTERNACIONAL “A CIDADE D@S NEN@S”.

Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 28 de xaneiro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE coa data de 24 de xaneiro de 2019, do seguinte teor:

O Grupo municipal dos Socialistas de Vilagarcía de Arousa de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN sobre a política do Goberno galego en relación co financiamento das entidades locais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende maio do 1991, da man de Francesco Tonucci púxose en marcha unha filosofía de goberno das cidades tomando aos nenos e nenas como parámetro e como garantía das necesidades de

toda a cidadanía, tratando de construír unha cidade diversa e mellor para a poboación de maneira que a rapazada poida vivir unha experiencia como cidadanía autónoma e participativa. Dende entón esta filosofía se foi extendendo por todo o mundo e no 2016, a Deputación de Pontevedra impulsa a creación dunha rede de cidades e vilas da Provincia que se adhiran a este proxecto de “CIDADES AMIGAS D@S NEN@S ”.

Polo anteriormente exposto, o Grupo municipal socialista somete á consideración do Pleno da Corporación municipal de Vilagarcía a adopción dos seguintes acordos:

1.- Aprobación da adhesión do Concello de Vilagarcía de Arousa a este proxecto internacional “A CIDADE D@S NEN@S ”.

2.- Dar conta a Deputación de Pontevedra para que inclúa ao Concello de Vilagarcía de Arousa no Grupo de traballo de Concellos da Provincia de Pontevedra adheridos a este proxecto que teñen constituído no ente Provincial co fin de poder establecer un grupo traballo e asesoramento conxunto en aras de conquistar os obxectivos do proxecto internacional “A CIDADE D@S NEN@S”.

Vilagarcía de Arousa, 23 de xaneiro de 2019

Asdo. Tania García Sanmartín

- O Sr. Mouriño Santiago indica que se enviará unha documentación complementaria sobre este asunto aos grupos políticos municipais.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais PP, EU, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE de adhesión ao proxecto internacional “A CIDADE D@S NEN@S”.

- Sendo as 19:00 horas auséntase da sesión a Sra. Interventora Municipal.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE e

1.- Aprobación da adhesión do Concello de Vilagarcía de Arousa a este proxecto internacional “A CIDADE D@S NEN@S ”.

2.- Dar conta a Deputación de Pontevedra para que inclúa ao Concello de Vilagarcía de Arousa no Grupo de traballo de Concellos da Provincia de Pontevedra adheridos a este proxecto que teñen constituído no ente Provincial co fin de poder establecer un grupo traballo e asesoramento conxunto en aras de conquistar os obxectivos do proxecto internacional “A CIDADE D@S NEN@S”.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190131&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP, SOBRE BÚSQUEDA DUNHA UBICACIÓN ALTERNATIVA Ó TRANSFORMADOR PREVISTO PARA OS BAIXOS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE VILAXOÁN.: Dáse

conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 28 de xaneiro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 19 de decembro de 2018, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 27 de decembro de 2018 a seguinte MOCIÓN:

“Búsqueda dunha ubicación alternativa ó transformador previsto para os baixos a escola infantil de Vilaxoán”

EXPOÑEN

O Partido Popular de Vilagarcía oponse á intención do goberno local socialista de ubicar un novo transformador de Fenosa baixo a futura escola infantil de Vilaxoán.

A intención dun goberno tería que ser sempre a de priorizar a seguridade da cidadanía e eliminar calquera situación de risco, especialmente cando se trata de menores, e máis cando son de idades temperás (0-3 anos).

O goberno local anunciou o pasado día 8 de decembro a súa intención de ubicar o novo transformador nos baixos da futura escola infantil vilaxoanesa tras chegar a un acordo con Fenosa. Só tres días despois, en Pontevedra ocorría un grave suceso no que tiveron que desaloxar dun colexio á comunidade estudiantil precisamente por un incidente no transformador do centro. A airada reacción dos pais e nais dos alumnos afectados conculcáronse as autoridades políticas e de Fenosa o seu compromiso de retirar ese transformador desas instalacións.

O precedente, pola súa cercanía no tempo e no espazo e pola súa gravidade, pon de manifesto que non se pode expoñer ós nenos a perigos innecesarios e que cómpre buscar unha ubicación que imposibilite este tipo de accidentes. A isto hai que engadir que xa son moitos os veciños da zona e moitos os pais e nais de nenos e nenas de 0-3 anos que se opoñen a esta decisión de ubicar o novo transformador baixo a nova escola infantil.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PP de Vilagarcía

SOLICITA

- Que se paralice o acordo anunciado entre o Concello e Fenosa para a ubicación do novo transformador nos baixos da futura escola infantil de Vilaxoán.
- Que se elabore un estudio técnico de ubicacións alternativas na zona onde poder situar ese novo transformador, garantindo a seguridade dos veciños e veciñas, especialmente a dos menores.

Elena Suárez – Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, EU, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre búsqueda dunha ubicación alternativa ó transformador previsto para os baixos da Escola Infantil Municipal de Vilaxoán

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (7), EU (2), BNG (2) e Somos Maioría (1), e nove votos en contra dos membros dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8) e Concelleiro non adscrito (1)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e

- Que se paralice o acordo anunciado entre o Concello e Fenosa para a ubicación do novo transformador nos baixos da futura escola infantil de Vilaxoán.
- Que se elabore un estudio técnico de ubicacións alternativas na zona onde poder situar ese novo transformador, garantindo a seguridade dos veciños e veciñas, especialmente a dos menores.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190131&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP, DE REXEITAMENTO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL ÓS PRESUPOSTOS XERAIS DO ESTADO 2019.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 28 de xaneiro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 23 de xaneiro de 2019, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 31 de xaneiro de 2019 a seguinte MOCIÓN:

“Rexeitamento da corporación municipal ós Presupostos Xerais do Estado 2019”
EXPOÑEN

O 14 de xaneiro deste ano, o Goberno de España presentou -fóra de prazo- un proxecto de lei de Presupostos Xerais do Estado indiscutiblemente discriminatorio para Galicia, co único obxectivo de continuar na Moncloa.

En primeiro lugar, son unhas contas irreais e ficticias. Medra o gasto sen ingresos reais que o soporten. Así, por exemplo, prevén recaudar 20.000 millóns máis en impostos pese ao menor crecemento económico. Dentro desta suba masiva de impostos destaca o imposto ao diésel, cun grave efecto sobre un millón de condutores en Galicia. O mesmo se pode dicir da Seguridade Social, xa que o incremento das cotizacións sociais (está previsto que aumenten un 7,5%) afectará aos autónomos e aos traballadores por conta allea, repercutindo na creación de emprego.

E, se isto non fose suficiente, penalizan a nosa Comunidade Autónoma. En comparación co pasado ano, Galicia ve reducidos os fondos para investimentos nun -18%, ata quedarse en 757 millóns, o que supón a práctica paralización de proxectos comprometidos e estratéxicos para a nosa comunidade autónoma. Mais esta redución non é debida, como aconteceu durante a crise, a un axuste xeneralizado do gasto e dos investimentos públicos. Todo o contrario, os fondos para Galicia baixan no contexto duns presupostos de expansión desorbitada do gasto e nos que, pola contra, outras comunidades ven incrementado dun xeito significativo o importe global dos seus investimentos, así en Cataluña medra nun +67% ou na Comunidade Valenciana nun +61%

Ao longo destes últimos anos os orzamentos permitiron enormes avances como a A-8 que xa está rematada e en servizo; a Autovía Santiago-Lugo con todos os treitos en servizo ou en obras; o Eixe Atlántico ferroviario que xa está en servizo entre A Coruña e Vigo; ou as obras do AVE que xa están encarando a súa recta final.

Sen embargo, as importantes minoracións neste proxecto de presupostos reflíctense en partidas concretas como a ausencia de recursos suficientes para necesidades ferroviarias como a mellora do tren entre A Coruña en Ferrol ou a variante de Cerdedo.

Tampouco se prevén investimentos en ningunha das obras planificadas na AP-9: Alfonso Molina e Vial 18, na Coruña; Enlace Orbital, en Santiago; Nudo de Bombeiros, en Pontevedra; a remodelación do enlace de Buenos Aires, en Vigo; ou a supresión da peaxe de Redondela.

Os presupostos tampouco inclúen partidas para obras fundamentais como os novos treitos da circunvalación de Pontevedra; as autovías Vigo-Porriño, a da Mariña ou a Lugo-Ourense. Estas contas constatan a falta de palabra do Goberno central ao prever 0 euros en 2019 e pouco máis para 2020 para Variante Norte de Ourense, pese a que hai poucos días prometeron que se licitaría este ano. Engadir que, aínda que existe un convenio que contempla que a variante de Pontearreas a construíría o Ministerio, agora este orzamento implicaría que a execute a Xunta e achega unha partida insuficiente.

En referencia a autovía Santiago-Lugo, fundamental para o Xacobeo 21, as súas partidas minimizadas e os prazos sen acurtar, en contra do que pedira o Goberno galego.

E, por último, en materia de infraestruturas hidráulicas só constan 65.000 euros para a renovación do saneamento de Santiago e nada nas obras declaradas de interese xeral do Estado. Tampouco figura no orzamento a solución do problema de abastecemento de Vigo, tal e como se acordara.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular do Concello de Vilagarcía de Arousa solicita ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Manifestar o rexeitamento desta Corporación ao proxecto de lei de Presupostos Xerais do Estado para 2019 presentado polo Goberno de España, por ser irrealis e absolutamente discriminatorios para Galicia.

2. Instar aos grupos parlamentarios do Congreso dos deputados e do Senado a modificación destes Presupostos Xerais do Estado para 2019 de tal xeito que, cando menos, se manteña o nivel de investimento para Galicia recollido na Lei de Presupostos Xerais do Estado de 2018, e se inclúan as partidas suficientes para iniciar, continuar ou rematar as obras en ferrocarrís, autovías e estradas comprometidas e recollidas en presupostos anteriores.

3. Instar ó Concello de Vilagarcía de Arousa a que esixa do Goberno Central a dotación económica necesaria nos Orzamentos para acometer a construción dun novo Cuartel da Guardia Civil na cidade e rematar o paseo marítimo da Concha-Compostela (2ª fase).

4. Dar traslado destes acordos ao Goberno, aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados, do Senado e do Parlamento de Galicia, así como a Xunta de Galicia.

Elena Suárez – Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal do PP, de rexeitamento da corporación municipal ós Presupostos Xerais do Estado 2019

- Dáse conta da seguinte emenda presentada polo grupo político municipal do BNG:

Propón substituír o 2º punto polo seguinte:

- 2.- Solicitar aos e ás representantes elixidas por circunscricións galegas que formulen emenda á totalidade a este proxecto de orzamentos e establezan unha negociación co goberno do estado que incorpore, como mínimo, unha inversión similar ás inversións de 2009 e coas seguintes prioridades:

- 1.- Rescate da AP-9 e compromiso para acabar coa fin da estafa das peaxes.

- 2.- Derrogar a prórroga de ENCE e fixar un calendario para o traslado desta empresa da ría de Pontevedra.

- 3.- Proceder á devolución do Pazo de Meirás e do conxunto de bens incautados polo franquismo en Galiza.

- 4.- Pagamento da débeda do Estado con Galiza en materia de dependencia (186 millóns de euros)

- 5.- Compromiso para activar unha tarifa eléctrica galega que rebaixe a factura da luz particulares e empresas, como elemento compensatorio polos impactos no territorio e no medio ambiente e permita que a produción de electricidade teña un retorno social.

6.- Desenvolvemento dun plan de investimentos básicos no mapa ferroviario galego, con dotacións, que:

- a) Garantan os prazos de chegada do AVE a Galiza con dobre vía e as máximas medidas de seguridade.
- b) Finalice o trazado do eixo atlántico (nomeadamento A Coruña-Ferrol; saída sur de Vigo para conexión coa alta velocidade portuguesa)
- c) Electrificación da liña A Coruña-Lugo-Monforte
- d) Investimentos e melloras da liña de Feve Ferrol-Ribadeo
- e) Impulse en todo o territorio galego o ten de proximidade
- f) Incorpore as adaptacións necesarias para facilitar o transporte de mercadorías
- g) Impulse decididamente as conexións ferroviarias para os portos de interese xeral do Estado en Galiza, priorizando as conexións de Vigo e dos portos exteriores de Ferrol e Coruña

7. Axilización de autovías que levan anos de atraso, como é o caso de Santiago-Lugo e Lugo-Ourense, A-57 –circunvalación de Pontevedra- e plan de investimentos extraordinarios para acabar coa elevada sinistralidade viaria que teñen as estradas dependentes do Estado en Galiza.

8. Plan de saneamento e rexeneración das rías galegas e do litoral, así como o financiamento necesario para a construción da nova EDAR de Santiago de Compostela.

9 Plan de saneamento e recuperación dos ríos galegos de xestión estatal a través das Confederacións Hidrográficas do Miño-Sil e do Douro para a reparación dos graves problemas ambientais dos ríos do sur.

10. Asunción do custe total das obras do porto exterior de Punta Langosteira.

11. Modificar os criterios de financiamento dos concellos galegos, acabando coa discriminación de cobrar 50 euros menos de financiamento por habitante.

12. Transferencia de competencias pendentes como as de tráfico, portos de interese xeral do estado, aeroportos, Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, inspección de traballo e competencias en materia de lexislación laboral e normativa que permita a creación dun marco galego de relacións laborais.

13. Financiamento dun plan de retorno para a emigración que facilite o regreso a Galiza das persoas que tiveron que emigrar ao longo dos últimos anos por falta de oportunidades.

- O PP rexeita a emenda presentada, excepto que se modifique en algúns aspectos.

- O BNG non acepta modificar a emenda.

- Auséntase da sesión o Sr. González Somoza.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con sete votos a favor dos membros pertencentes ó grupo político municipal do PP (7), tres abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do BNG (2) e Concelleiro non adscrito (1), e dez votos en contra, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8) e EU (2)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal do PP de rexeitamento da corporación municipal ós Presupostos Xerais do Estado 2019.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190131&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

- Sendo as 20:45 horas auséntase da sesión a Sra. María Mochales.

- Incorpórase á sesión o Sr. Gonzalez Somoza.

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP, SOBRE REPOSICIÓN DO SISTEMA DE ILUMINACIÓN NA VÍA RÁPIDA DO SALNÉS, NO TRAMO SANTA MARIÑA – HOSPITAL DO SALNÉS: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 28 de xaneiro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 23 de xaneiro de 2019, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 31 de xaneiro de 2019 a seguinte MOCIÓN:

“Reposición do sistema de iluminación na Vía Rápida do Salnés no tramo Santa Mariña - Hospital do Salnés”

EXPOÑEN

A vía rápida do Salnés é un vial que soporta un importante volumen de tráfico diario, cunha afluencia que se multiplica durante o período estival, xa que conecta distintos municipios que son destinos frecuentados polos veciños e visitantes para acudir ás diferentes praias da comarca. Ademais, a proximidade do Hospital do Salnés fan desta estrada un lugar clave para as comunicacións terrestres dos habitantes do ámbito comarcal.

O tramo concreto que une Santa Mariña co Hospital do Salnés leva anos sen contar con iluminación. No seu día foron roubados arredor de 1.500 metros de cableado de cobre, que nunca foron repostos, e polo tanto non se dispón da iluminación prevista para esta zona.

Os veciños e usuarios habituais desta entrada e saída da vía rápida manifestan as súas queixas por estes feitos e demandan unha solución urxente. A chegada das chuvias e as escasas horas de luz solar desta época provocan unha evidente inseguridade pola falta de iluminación.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PP de Vilagarcía
SOLICITA

- Instar ó Ministerio de Fomento a que repoña o cableado do sistema de iluminación na Vía Rápida do Salnés e se conecten os puntos de luz que actualmente non están en funcionamento.
Elena Suárez – Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, EU, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre reposición do sistema de iluminación na Vía rápida do Salnés, no tramo Santa Mariña-Hospital do Salnés.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e Instar ó Ministerio de Fomento a que repoña o cableado do sistema de iluminación na Vía Rápida do Salnés e se conecten os puntos de luz que actualmente non están en funcionamento.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190131&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE ESQUERDA UNIDA, PARA REIVINDICAR QUE O RURAL DE VILAGARCÍA CONTE CUNHA CONEXIÓN A INTERNET DE CALIDADE.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 28 de xaneiro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de EU, coa data de 21 de xaneiro de 2019, do seguinte teor:

Don Jesús López Rodríguez, voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida no Concello de Vilagarcía de Arousa, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para a súa aprobación a seguinte MOCIÓN: O rural de Vilagarcía, con conexión a Internet de calidade

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 19% da poboación española ten un nivel de cobertura menor aos 30 Mbps segundo os últimos datos oficiais correspondentes ao 30 de xuño de 2017, da Secretaría de Estado para o Avance Dixital dependente do Ministerio de Economía. Este Grupo Municipal vén de denunciar no último pleno que zonas de Bamio atópanse practicamente sen conexión, ao situarse en espazos nos que as principais teleoperadoras non implementaron a tecnoloxía axeitada para ofrecer un servizo normalizado de Internet. Esta situación repítese noutras zonas do noso municipio.

A rede é unha ferramenta diaria indispensable para todos. Dende buscar traballo, información, complementar as materias de estudo para a nosa mocidade ou solicitar unha cita co noso médico de cabeceira. Moitas das tarefas máis indispensables e cotiás pasan por dispoñer dunha conexión a Internet óptima.

O Programa de Extensión da Banda Ancha de Nova Xeración do Estado ten por obxectivo acelerar a extensión da cobertura das redes públicas de comunicacións electrónicas capaces de proporcionar servizos de banda ancha de alta velocidade e de moi alta velocidade ás zonas sen cobertura actual nin prevista nos próximos anos, o que permitirá mellorar a funcionalidade e a calidade dos servizos dixitais e con iso aumentar o benestar e a calidade de vida dos cidadáns, contribuíndo ao éxito dun modelo de crecemento sustentable. Tanto este programa como os chamados Plan 300x100 e Plan 800 son medidas impulsadas por parte dos sucesivos líderes do Goberno Estatal para solventar esta eiva e dende o noso punto de vista, eiva que xa comeza a ser unha gran fenda ente rural e cascos urbanos.

O xoves 8 de novembro de 2018 o Boletín Oficial do Estado publicaba a orde pola que se activa un plan de extensión de banda ancha que, en realidade, data dunha obrigación que se incluíu na poxa de frecuencias de 800 Mhz do 4 G en 2011. A principais operadoras veñen de contratar á consultora Aptica, especializada na implantación de redes de telecomunicacións, e tiñan a obriga de presentar o seu plan de despregamento ao Goberno antes do 31 de decembro para dotar aos Concellos de menos 5.000 habitantes de servizo axeitado.

A cidadanía do rural de Vilagarcía merece dispoñer dos mesmos medios que o resto de habitantes, polo que pensamos que é indispensable e urxente que o Goberno Municipal de Vilagarcía lidere as reclamacións sobre este tema e faga as xestións necesarias para ofrecer información á veciñanza e facer presión para que se execute á máxima brevidade a tecnoloxía necesaria para que todas e todos teñamos unha calidade de conexión óptima no noso término municipal. Sendo Vilagarcía unha vila de tamaño mediano, segue a sufrir en moitas das súas parroquias os mesmos problemas de conexión que veñen denunciando concellos de menor densidade de poboación e termos municipais en zonas maiormente rurais.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Político de EU no Concello de Vilagarcía propón ao Pleno os seguintes ACORDOS:

1º.- O Goberno Local comprométese a animar á veciñanza residente no rural a trasladar a súa situación ao Concello e así aunar todas as reclamacións, creando un mapa de zonas con mala ou nula conexión a Internet.

2º.- O Goberno Local comprométese a facer as xestións necesarias para saber en que punto se atopan as xestións de implementación das melloras de conexión dentro dos programas e plans

postos en marcha polo Executivo Estatal, que prazos existen de execución e en que términos, para dar a coñecer a situación á cidadanía afectada.

3º- O Goberno Local comprométese a instar ao Goberno Central a tomar as medidas necesarias á máxima brevidade para solventar os problemas de implementación de conexión a Internet de calidade no rural, tendo en conta o resultado do punto anterior.

En Vilagarcía de Arousa a 21 de xaneiro do 2019

Asdo.Voceiro do Grupo Municipal
de Esquerda Unida

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal de EU informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de EU para reivindicar que o rural de Vilagarcía conte cunha conexión a internet de calidade.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de EU e

1º.- O Goberno Local comprométese a animar á veciñanza residente no rural a trasladar a súa situación ao Concello e así aunar todas as reclamacións, creando un mapa de zonas con mala ou nula conexión a Internet.

2º.- O Goberno Local comprométese a facer as xestións necesarias para saber en que punto se atopan as xestións de implementación das melloras de conexión dentro dos programas e plans postos en marcha polo Executivo Estatal, que prazos existen de execución e en que términos, para dar a coñecer a situación á cidadanía afectada.

3º- O Goberno Local comprométese a instar ao Goberno Central a tomar as medidas necesarias á máxima brevidade para solventar os problemas de implementación de conexión a Internet de calidade no rural, tendo en conta o resultado do punto anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190131&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE ESQUERDA UNIDA PARA CONTROLAR A PROLIFERACIÓN DAS CASAS DE APOSTAS, APOSTAS ONLINE E COMBATER A LUDOPATÍA.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 28 de xaneiro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de EU coa data de 22 de xaneiro de 2019, do seguinte teor:

Don Jesús López Rodríguez, voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida no Concello de Vilagarcía de Arousa, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e

Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para a súa aprobación a seguinte MOCIÓN: Para controlar a proliferación das casas de apostas, apostas online e combater a Ludopatía, en base a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai uns anos proliferan os anuncios en televisión, radio, prensa escrita, redes sociais... de casas de apostas deportivas online. Casas de apostas que inseren a súa publicidade en eventos deportivos, especialmente nas retransmisións deportivas e que mesmo chegan a utilizar estrelas do fútbol para animar aos televidentes a que aposten. Un sistema de xogo moito máis aditivo, sen pausas, con bonos «de balde» de entrada, e sobre todo cun inmenso investimento en publicidade que representa xusto os valores contrarios ás formas máis pausadas e tradicionais de apostar, como a lotaría de Nadal, a quiniela ou os cupóns da ONCE.

Hai 613.812 usuarios activos nas casas de apostas, segundo o último Informe Trimestral do Mercado do Xogo Online, un 13,44% máis que no mesmo segmento de 2016. Non só corresponde ás apostas deportivas, tamén a póker, casino e bingos virtuais. Até setembro de 2017, os operadores gastaron máis de 140 millóns de euros en promocionarse. En España hai máis de medio centenar de empresas con licenza no negocio online e presencial.

O xogo patolóxico é un trastorno que figura entre as adiccións de tipo comportamental nas clasificacións médicas e psicolóxicas. Consiste na perda do control do comportamento en relación ao xogo que se caracteriza por ter graves consecuencias para as persoas como problemas académicos, laborais, económicos, sociais e/ou legais asociados ao xogo.

A clase traballadora, que normalmente non pode acceder a un traballo estable -dado o enorme paro crónico-, é tentada a arriscar as súas rendas gañadas en traballos precarios. Non é estraño que nos barrios e localidades onde menos renda hai, sexa onde as políticas neoliberais máis efectos negativos causen a través das casas de apostas. Estas afectan especialmente á mocidade, onde a falta de expectativas e dun futuro estable é o caldo de cultivo perfecto para ter doses rápidas de adrenalina e onde tentar conseguir diñeiro sen esforzo.

Tampouco é admisible que as casas de apostas aumenten día a día os seus beneficios e deixen ás familias e ao conxunto da sociedade a obrigaición de custear integramente o tratamento das persoas ás que engancharon. É de xustiza, por tanto, aumentar a contribución que os beneficios destas empresas teñen que facer ao conxunto da sociedade para que se poida tratar de maneira eficaz ás persoas adictas ao xogo e para que se poidan investigar eses mecanismos e previr futuras adiccións.

De forma física ou a través de Internet, o que se esconde detrás de cada aposta é o mesmo: fanche crer que non é necesario traballar para xerar riqueza, que podes investir o teu diñeiro e, se o fas ben, multiplicaralo. Este conto liberal obvia que o teu beneficio implica que alguén como ti está a perder o seu diñeiro, tamén obvia que un día gañaches pero ao seguinte podes perder moito máis. Non é cuestión de xeito que, en última instancia, sexa o dono da casa de apostas o único que gañe, é cuestión de matemáticas.

É o momento de que as diferentes institucións adapten a normativa á realidade social, económica e tecnolóxica da actividade do xogo antes de que se converta nunha secuela sen retorno.

Expomos nesta moción unha serie de medidas, a nivel municipal e supramunicipal, para atallar esta problemática. Por un lado, entendemos que é necesario prohibir a publicidade destes locais e frear a súa expansión a través das ordenanzas ou as normas urbanísticas, tamén son importantes as medidas de prevención ante a ludopatía. Por último, expomos unha serie de propostas a nivel fiscal para gravar a actividade das casas de apostas e do xogo online.

Por todo isto, o grupo municipal de Esquerda Unida en Vilagarcía, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: Instar o Goberno do Estado a reformar a Lei Xeral da Comunicación Audiovisual e a Lei Xeral de Publicidade para que se regule a publicidade das Casas de Apostas e prohibase o que estas empresas poidan publicitarse para facer efectiva a protección do público infantil e xuvenil e a impulsar o Real Decreto de Comunicacións Comerciais das Actividades de Xogo e de Xogo Responsable co obxectivo de restrinxir a publicidade para xogos e apostas online.

SEGUNDO: Instar o Goberno Autonómico a que, igual que pasa co gremio de tabacaleras ou farmacias, limite a apertura das casas de apostas físicas mediante o establecemento dun mínimo de metros de separación ou por núcleos de poboación, para a frear así a súa expansión.

TERCEIRO: Instar o Goberno Autonómico a que prohiba as terminais de apostas deportivas en salóns de xogo, bingos e casinos.

CUARTO: Instar o Goberno Local a que estude a revisión das ordenanzas ou da PXOM para introducir limitacións urbanísticas á implantación de locais de apostas nas inmediacións de espazos frecuentados pola infancia, a adolescencia e a mocidade, como os centros educativos, culturais, deportivos ou xuvenís.

QUINTO: Instar o Goberno Local a que, a través da Ordenanza de Publicidade, regule a eliminación de calquera cartelaría do mobiliario urbano ou do espazo público deste tipo de establecementos, ceñíndose exclusivamente aos carteis do propio local incluíndo unicamente o nome e sen ningún tipo de publicidade.

SEXTO: Instar o Goberno Local a que realice actividades informativas nos centros escolares para profundar no uso que fan os mozos dos xogos online e de apostas e nos posibles problemas derivados deste uso e a que poña en marcha modelos de lecer e espazos de socialización xestionados directamente pola mocidade onde poidan desenvolver un lecer san, que potencie o coñecemento, o deporte e as artes.

SÉPTIMO: Instar o Goberno Local a que reforce a formación da Policía Local de modo que se familiaricen coas infraccións máis habituais relacionadas coas apostas e o xogo, particularmente no acceso de menores de idade, persoas incapacitadas legais e persoas co acceso ao xogo legalmente restrinxido.

OCTAVO: Instar o Goberno Local a que solicite aos equipos de fútbol locais e aos seus xogadores a colaborar para que non se identifique o deporte coas apostas, asumindo a súa responsabilidade social, eliminando a publicidade das casas de apostas, pondo en marcha campañas de concienciación e non asinando convenios de colaboración nin patrocinar a entidades deportivas que fagan publicidade das casas de apostas.

NOVENO: Instar o Goberno do Estado a aumentar o tipo aplicable no Imposto sobre Actividades do Xogo para as casas de apostas e do xogo online.

DÉCIMO: Instar o Goberno Local a que cre unha taxa específica por utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, que teña que ser abonada polos establecementos que instalen pantallas ou outro tipo de dispositivos para desenvolver a súa actividade empresarial con fronte directa á vía pública ou en liña de fachada.

En Vilagarcía de Arousa a 22 de xaneiro do 2019

Asdo. Voceiro do Grupo Municipal
de Esquerda Unida

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal de EU informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal de EU para controlar a proliferación das casas de apostas, apostas online e cobater a Ludeopatía.

- Sendo as 21:15 horas auséntase da sesión o Sr. Mouriño Santiago.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de EU e

PRIMEIRO: Instar o Goberno do Estado a reformar a Lei Xeral da Comunicación Audiovisual e a Lei Xeral de Publicidade para que se regule a publicidade das Casas de Apostas e prohibase o que estas empresas poidan publicitarse para facer efectiva a protección do público infantil e

xuvenil e a impulsar o Real Decreto de Comunicaci3ns Comerciais das Actividades de Xogo e de Xogo Responsable co obxectivo de restrinxir a publicidade para xogos e apostas online.

SEGUNDO: Instar o Goberno Autonom3nico a que, igual que pasa co gremio de tabacaleras ou farmacias, limite a apertura das casas de apostas f3sicas mediante o establecemento dun m3nimo de metros de separaci3n ou por n3cleos de poboaci3n, para a frear as3 a s3a expansi3n.

TERCEIRO: Instar o Goberno Autonom3nico a que prohiba as terminais de apostas deportivas en sal3ns de xogo, bingos e casinos.

CUARTO: Instar o Goberno Local a que estude a revisi3n das ordenanzas ou da PXOM para introducir limitaci3ns urban3sticas 3 implantaci3n de locais de apostas nas inmediaci3ns de espazos frecuentados pola infancia, a adolescencia e a mocidade, como os centros educativos, culturais, deportivos ou xuven3s.

QUINTO: Instar o Goberno Local a que, a trav3s da Ordenanza de Publicidade, regule a eliminaci3n de calquera cartelar3a do mobiliario urbano ou do espazo p3blico deste tipo de establecementos, ce3ndose exclusivamente aos carteis do propio local incluíndo unicamente o nome e sen ning3n tipo de publicidade.

SEXTO: Instar o Goberno Local a que realice actividades informativas nos centros escolares para profundar no uso que fan os mozos dos xogos online e de apostas e nos posibles problemas derivados deste uso e a que po3a en marcha modelos de lecer e espazos de socializaci3n xestionados directamente pola mocidade onde poidan desenvolver un lecer san, que potencie o coñecemento, o deporte e as artes.

S3PTIMO: Instar o Goberno Local a que reforce a formaci3n da Polic3a Local de modo que se familiaricen coas infracci3ns m3is habituais relacionadas coas apostas e o xogo, particularmente no acceso de menores de idade, persoas incapacitadas legais e persoas co acceso ao xogo legalmente restrinxido.

OCTAVO: Instar o Goberno Local a que solicite aos equipos de f3tbol locais e aos seus xogadores a colaborar para que non se identifique o deporte coas apostas, asumindo a s3a responsabilidade social, eliminando a publicidade das casas de apostas, pondo en marcha camp3as de concienciaci3n e non asinando convenios de colaboraci3n nin patrocinar a entidades deportivas que fagan publicidade das casas de apostas.

NOVENO: Instar o Goberno do Estado a aumentar o tipo aplicable no Imposto sobre Actividades do Xogo para as casas de apostas e do xogo online.

D3CIMO: Instar o Goberno Local a que cre unha taxa espec3fica por utilizaci3n privativa ou o aproveitamento especial do dominio p3blico local, que te3a que ser abonada polos establecementos que instalen pantallas ou outro tipo de dispositivos para desenvolver a s3a actividade empresarial con fronte directa 3 v3a p3blica ou en li3a de fachada.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190131&punto=13>

As3 mesmo poder3 acceder 3 gravaci3n integral en: sede.vilagarcia.gal

14.- APROBACI3N, SE PROCEDE, DA MOCI3N PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN DEFENSA DA SANIDADE P3BLICA. : D3se conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesi3n celebrada o d3a 28 de xaneiro de 2019, do seguinte teor:

D3se conta da moci3n presentada polo grupo pol3tico municipal do BNG coa data de 23 de xaneiro de 2019, do seguinte teor:

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento org3nico municipal, presenta a seguinte moci3n para o seu debate en Pleno, en defensa da sanidade p3blica galega nunha situaci3n cr3tica debido 3s pol3ticas nefastas do Partido Popular.

EXPOSICI3N DE MOTIVOS

Un dos temas que máis alarma social está provocando na sociedade galega é o gravísimo deterioro da sanidade pública. Un deterioro que é o resultado dos graves recortes e privatizacións que o Partido Popular leva realizado desde 2009, e que están poñendo en risco a saúde e a vida das persoas.

A política sanitaria de Núñez Feixóo á fronte da Xunta de Galiza ao longo destes anos está poñendo contra as cordas a sanidade pública e ten un fin moi claro: converter o dereito á saúde nun negocio para grupos afíns. Favorecer que uns poucos fagan negocio a costa da enfermidade. Todos os camiños da política sanitaria do PP tiveron como fin a privatización e o desmantelamento do sistema sanitario público a base de recortes continuos e de pór os recursos da sanidade pública ao servizo de intereses privados para poder facer negocio coa enfermidade das persoas. Durante os últimos nove anos, o PP, con Nuñez Feixóo á cabeza, impulsou todo tipo de medidas que afondaron neste desmantelamento: redución de orzamentos, de centos de profesionais, de máis de 700 camas, privatización masiva de servizos, derivacións de doentes a centros privados...

A Atención Primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sufriu os recortes. Nos orzamentos da Xunta deste ano 2019 destínanse 188 millóns de euros menos que os que había en 2009, cun recorte acumulado de arredor de 2.188 millóns de euros.

As consecuencias son tremendas: masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitucións, as listas de espera en atención primaria de máis dunha semana, 13 días para o médico de familia, peche de axendas, saturacións, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, PACs ao límite...

Hai unanimidade entre sindicatos, colexios profesionais, plataformas sanitarias, organizacións profesionais, doentes... en denunciar o grave deterioro que están provocando as políticas sanitarias do Partido Popular, e en que non estamos na fase de grupos de traballo, nin de enquisas virtuais, nin de auditorías. Estamos na fase de asumir responsabilidades e rectificar os recortes e as privatizacións.

Estamos nun momento crítico, onde a Xunta ten que dar explicacións e asumir as súas responsabilidades, ante uns feitos de máxima gravidade e rectificar.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa insta á Xunta de Galiza a:

- Facer súas as reivindicacións da “Plataforma en Defensa da Sanidade Pública do Salnés” en materia de perda de servizos, con especial mención a perda do servizo de gardería (que supón un ataque directo aos dereitos en materia de conciliación e unha carga engadida, maioritariamente, sobre as mulleres).
- Retirada da concesión do “Parking” privado no hospital do Salnés, así coma a mellora dos servizos de transporte ao hospital dende os diferentes puntos da Comarca.
- Abrilo debate en torno a implantación do sistema EOXI e o seu funcionamento, de cara a mellorar os erros salientados polos profesionais médicos e os usuarios en repetidas ocasións dende a súa posta en marcha.
- Apoio orzamentario na rehabilitación de Casa do Mar, así como a recuperación do servizo de laboratorio da mesma.
- Posta en marcha dun servizo gratuito de televisión nas habitacións do Hospital do Salnés.
- Cumprimento dos acordos colectivos, acadados polas Centrais Sindicais e o SERGAS, en materia de gardas no ano 2008.
- Inmediata contratación de persoal de pediatría e de enfermería no Hospital do Salnés, sendo inasumible a falta de persoal e a situación laboral dos traballadores e traballadoras que se ven sobre pasados no correcto exercicio das súas funcións.

2.- O Pleno do Concello de Vilagarcía insta á Xunta de Galiza a tomar as seguintes medidas nun compromiso claro de que se rectifica unha política sanitaria que está destruindo a sanidade pública dos galegos e galegas e poñendo en risco o dereito á saúde:

- a) Aumento do orzamento destinado a Sanidade
- b) Dimensionamento e estabilidade dos cadros de persoal:
 - convocatoria de todas as prazas vacantes en todas as categorías

- contratos estables e dignos
 - substitucións d@s profesionais pola totalidade da ausencia
 - aumento das prazas de formación de especialistas, MIR
- c) Eliminación listas de espera: contratando persoal e tendo operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas, camas, quirófanos...e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis, susceptíbeis de ser usados nos centros públicos.
- d) Plan de Mellora de Atención Primaria:
- Incremento do investimento até chegar como mínimo ao 20% do orzamento (no inmediato incremento de 200 millóns de euros).
 - Recuperación das Xerencias de Atención Primaria con capacidade resolutiva e orzamentaria.
 - Incrementar as prazas de especialistas en pediatría e medicina familiar e comunitaria.
 - Mellorar os equipamentos nos centros de saúde e PACs
 - Garantir equipos completos de profesionais nos PACs.
- e) Reverter as privatizacións e xestión propia dos servizos sanitarios
- f) Eliminación dos copagos farmacéuticos.
- Vilagarcía de Arousa, 23 de xaneiro 2019

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, EU e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal do BNG en defensa da Sanidade Pública.

- Polo grupo municipal do BNG modifícase o punto 1º da moción presentada: Substituir o 4º dos apartados referentes á Casa do Mar, polo seguinte:
 - A construción dun novo centro de saúde onde se ubique o servizo de laboratorio como había antes na Casa do Mar.

Así mesmo engadir os seguintes apartados:

- Recuperación da Área Sanitaria do Salnés.
- Dotación dunha ambulancia medicalizada para a nosa comarca.

- Sendo as 21:35 horas auséntase da sesión a Sra. Mosquera Leal.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde a moción coas modificacións propostas pola voceira do BNG, da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (6), EU (1), BNG (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1), e sete votos en contra dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP (7)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e.

- 1.- O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa insta á Xunta de Galiza a:
 - Facer súas as reivindicacións da “Plataforma en Defensa da Sanidade Pública do Salnés” en materia de perda de servizos, con especial mención a perda do servizo de gardería (que supón un ataque directo aos dereitos en materia de conciliación e unha carga engadida, maioritariamente, sobre as mulleres).
 - Retirada da concesión do “Parking” privado no hospital do Salnés, así coma a mellora dos servizos de transporte ao hospital dende os diferentes puntos da Comarca.

- Abrilo debate en torno a implantación do sistema EOXI e o seu funcionamento, de cara a mellorar os erros salientados polos profesionais médicos e os usuarios en repetidas ocasións dende a súa posta en marcha.
- A construción dun novo centro de saúde onde se ubique o servizo de laboratorio como había antes na Casa do Mar.
- Posta en marcha dun servizo gratuíto de televisión nas habitacións do Hospital do Salnés.
- Cumprimento dos acordos colectivos, acadados polas Centrais Sindicais e o SERGAS, en materia de gardas no ano 2008.
- Inmediata contratación de persoal de pediatría e de enfermería no Hospital do Salnés, sendo inasumible a falta de persoal e a situación laboral dos traballadores e traballadoras que se ven sobre pasados no correcto exercicio das súas funcións.
- Recuperación da Área Sanitaria do Salnés.
- Dotación dunha ambulancia medicalizada para a nosa comarca.

2.- O Pleno do Concello de Vilagarcía insta á Xunta de Galiza a tomar as seguintes medidas nun compromiso claro de que se rectifica unha política sanitaria que está destruindo a sanidade pública dos galegos e galegas e poñendo en risco o dereito á saúde:

- a) Aumento do orzamento destinado a Sanidade
- b) Dimensionamento e estabilidade dos cadros de persoal:
 - convocatoria de todas as prazas vacantes en todas as categorías
 - contratos estábeis e dignos
 - substitucións d@s profesionais pola totalidade da ausencia
 - aumento das prazas de formación de especialistas, MIR
- c) Eliminación listas de espera: contratando persoal e tendo operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas, camas, quirófanos...e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis, susceptíbeis de ser usados nos centros públicos.
- d) Plan de Mellora de Atención Primaria:
 - Incremento do investimento até chegar como mínimo ao 20% do orzamento (no inmediato incremento de 200 millóns de euros).
 - Recuperación das Xerencias de Atención Primaria con capacidade resolutiva e orzamentaria.
 - Incrementar as prazas de especialistas en pediatría e medicina familiar e comunitaria.
 - Mellorar os equipamentos nos centros de saúde e PACs
 - Garantir equipos completos de profesionais nos PACs.
- e) Reverter as privatizacións e xestión propia dos servizos sanitarios
- f) Eliminación dos copagos farmacéuticos.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190131&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190131&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

17.- ROGOS E PREGUNTAS. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190131&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

18.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE O PÚBLICO ASISTENTE Á SESIÓN.

Por parte do público asistente fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190131&punto=18>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 22:00 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.